

Desde 1948 existe a Declaración Universal de Dereitos Humanos, onde se recollen os dereitos imprescindibles para que podamos vivir como seres humanos.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos busca que todas as persoas sexan tratadas igual independentemente do seu xénero, a súa orientación sexual, os seus recursos económicos, a súa relixión, a súa procedencia... aínda que esto non implica que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades na práctica:

As mulleres realizan 3 veces máis traballo doméstico e de coidados non remunerado que os homes.

En 19 países, as mulleres casadas teñen que obedecer ós seus maridos por lei.

En 17 países, as mulleres casadas teñen restriccións para saír das súas casas.

En 31 países, as mulleres casadas perden o dereito a decidir onde vivir.

137 mulleres a redor do mundo son asasinadas por un membro da súa familia cada día.

Das persoas migrantes a nivel mundial, o 44.3% son mulleres. Pero do total de persoas que traballan en tarefas do fogar, as mulleres representan o 73.4%.

E de onde saen estes datos?

<https://www.unwomen.org/es>

**NIN RACISTA,
NIN MACHISTA!
MOCIDADE FEMINISTA!**

